

A LÚA LEVÁNTASE

Kinuyo Tanaka, 1955

1122

ESTREA EN NUMAX: 13.06.2023 | V.O.S.E. | 102 min

Mokichi é viúvo e pai de tres fillas, coas que vive nas instalacións dun templo desde a guerra. As tres fillas vense envoltas en variadas e complexas relacións.



Miradas cara o pasado, pasos cara o futuro

Por *Júlia Gaitano*

É probable que o nome de Kinuyo Tanaka lle resulte lixeiramente familiar ao lector cinéfilo, sobre todo pola súa labor como actriz ás ordes dalgúns dos máis grandes directores xaponeses do s. XX. Desde Kenji Mizoguchi ata Yasujiro Ozu, pasando por Mikio Naruse ou Akira Kurosawa, todos eles contaron coa lendaria actriz nun ou noutro momento das súas filmografías, varios deles repetidas veces. O que non é tan coñecido é o feito de que a propia Tanaka levou a cabo ata seis longametraxes como directora... en menos de 10 anos! Subliñábao a investigadora Irene González-López, especialista na figura de Tanaka, que se encargou de presentar e conducir o coloquio posterior á primeira proxección de *A lúa levántase* no Festival das Palmas; en realidade, trátase do segundo filme como realizadora da actriz, tras o seu debut en 1953 con *Carta de amor*. En canto ao filme, se ben non pode considerarse especialmente destacable a nivel argumental ou sociolóxico, xa que se atopa arraigado nun certo conservadorismo que incluso nos seus tempos empezaba a quedar atrás, si que despunta noutros aspectos. Sendo a única muller directora en Xapón durante os anos 50, sorprende o seu atrevemento formal, que n'*A lúa levántase* é incipiente, pero que irá evolucionando ao longo da década.

O filme arranca como se dunha obra de Ozu se tratase. Non en balde o director de *Contos de Tokio* (1953) foi un dos apoios máis relevantes que tivo a directora nesta nova faceta. Pero é que ademais, n'*A lúa...*, Tanaka levou á gran pantalla un guión firmado polo propio Ozu, descartado uns anos antes por complicacións na produción. En mans da cineasta, o que comeza como un exercicio á Ozu con toques de melodrama medio cómico que podería facer pensar en Naruse, acaba despegándose de calquera referente previo para propoñer novas formas. N'*A lúa...* cóntase a historia de tres irmás (ou máis ben, dúas irmás de sangue e unha cuñada viúva, que vive coa familia e coa que non se levan moitos anos) e os seus enredos amorosos e vitais. A menor delas, Setsuko, unha practicamente debutante Mie Kitahara, convértese na absoluta estrela do espectáculo. Cunha actitude digna da Emma que saíu da pluma de Jane Austen, Setsuko proponse emparellar a súa irma cun amigo da familia. Polo camiño, evidentemente, tamén acabará descubrindo as reviravoltas e anhelos do seu propio corazón. Estes non serán tan fáciles de xestionar como os alleos. A actuación de Kitahara como Setsuko é deliciosa e desacomplexada. É cando a cámara a segue, intentando capturar a súa enerxía desbordante, que o filme atopa a súa emancipacións. Libérase, por exemplo, dos recoñecibles “tatami shot” para perseguir asimetrías, imaxes do aire libre e movementos de cámara máis desenvolvidos.

Con todo, non acaba de darse un paso máis alá á hora de desenvolver personaxes femininos igualmente emancipados, quizais debido á autoría masculina do guión, ou quizais pola falta de perspectiva da directora no seu momento, quen sabe. En todo caso, os pasos que se dan adiante co atrevemento de Setsuko, a forma na que as súas irmás conseguen abrir o seu corazón, ou que sexa o seu propio pai (interpretado polo lendario Chishu Ryu) quen as anime a facelo, son desde logo progresos na representación do romanticismo. A pesar de que algúns deses pasos acaban retrocedendo polo desenlace conveniente e conservador, o filme segue resultando unha proposta moi entretida e refrescante.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cuentos de Tokio,
Yasujirō Ozu.
a contracorrientefilms [DVD]

Barbarroja
Akira Kurosawa.
a contracorrientefilms [DVD]